



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/05/2011.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do sábado día sete de maio de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vintecinco de abril do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. RATIFICACION E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta dos seguintes acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, das que se considera necesario dar conta ó Pleno do Concello a efectos da súa ratificación:

- Acordo do 22 de marzo, para a solicitude de adhesión do Concello ó Convenio suscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Mordernización e Innovación Tecnolóxica e a Federación Galega de Municipios e Provincias



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

(FEGAMP), para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. O convenio de colaboración, con vixencia ata decembro do 2013, ten por obxecto impulsar o proceso de modernización da administración nas entidades locais de Galicia, para garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos, dando para elo cobertura ás actividades e proxectos precisos para o desenvolvemento da eAdministración na Administración pública, e substitúe ao convenio do Portelo Único, xa suscrito por este Concello desde hai varios anos, recollendo os seus servizos e ampliándose cun catálogo de novos servizos de uso opcional.

- Acordo adoptado o 11 de marzo, manifestando o interese do Concello en participar no novo proxecto Rede Xiana 2 (“Xestión Integral, Accesibilidade, Novas tecnoloxías e Adaptabilidade no mercado laboral galego”) proposto pola Deputación Provincial da Coruña, e aprobar a súa adhesión ó Pacto Provincial polo Fomento do Emprego Responsable na Provincia da Coruña, dentro do marco da convocatoria 2011 para concesión de axudas do Fondo Social Europeo 2007-2013.

- Acordo adoptado tamén o 11 de marzo, para manifestar a adhesión e apoio ó proxecto Promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética (PEACE) 2011/2013 que a Deputación Provincial da Coruña vai presentar á convocatoria 2011 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o periodo de intervención 2011/2013, así como facilitar a execución de desenvolvemento deste proxecto mediante os medios necesarios.

- Acordo adoptado na sesión celebrada o 20 de abril, para solicitar subvención, ó abeiro do establecido na Orde do 3 de marzo de 2011, da Consellería de Tránsito e Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, para o mantemento dos servizos sociais que ven prestando este Concello, por un importe total de 314.309,76 euros, e polas cantidades que nese acordo se especifican para cada programa.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda ratificar os acordos expostos.

Dase conta de seguido do expediente incoado para solicitar do Ministerio de Economía e Facenda a cesión para finalidades públicas de tres fincas de propietarios descoñecidos sitas nas parroquias de Bardaos e Lamas, e da conveniencia de facultar expresamente ó Sr. Alcalde para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios, en representación do Concello, para a realización desas cesións.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda declarar que o Alcalde, como representante legal do Concello, está habilitado e facultado para a realización das actuacións necesarias para facer efectiva a cesión gratuita a este Concello por parte do Ministerio de Economía e Facenda das parcelas 299 e 970 Zc. Lamas e 299 Zc. Bardaos.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DE BENS MUNICIPAIS.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta do expediente iniciado para a desafectación do uso público dun tramo do camiño público nº 122, no lugar de Ramisqueiras, na parroquia de Lamas, que ten unha superficie de 417 metros cadrados, para a súa posterior calificación como sobrante de vía pública e a súa permuta por unha superficie practicamente igual dunha finca colindante, coa finalidade de regularizar o trazado do camiño e reducir o impacto negativo sobre esa propiedade privada colindante, cuxos donos iniciaron o presente expediente coa súa solicitude. O expediente foi exposto ó público mediante anuncio no BOP nº 38, do pasado día 24 de febreiro, sen que se presentase alegación algunha durante esa exposición. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, acorda aprobar o expediente de que se trata, e ordear a realización coa brevidade posible dos trámites precisos para a súa plena efectividade.

CUARTO. ACORDOS SOBRE CONVALIDACIÓN DE ACORDO DE ACEPTACIÓN DE CESIÓN.

Dase conta do expediente incoado en relación coa posible convalidación do acordo adoptado polo Pleno deste Concello o día 23 de xullo de dous mil dous, de aceptación dos terreos ofrecidos por unha comunidade de propietarios, situados no sitio coñecido como O Cochón, pertencente ó lugar de Outeiro, parroquia de San Sadurniño, coa finalidade, establecida como condición da cesión, de que por parte do Concello se procedese á apertura e pavimentación da nova vía pública adquirida mediante esa cesión.

O asunto de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, sendo incluído na Orde do Día polo Sr. Alcalde dada a urxencia do asunto, motivada pola necesidade de axilizar os trámites relacionados coa execución da sentenza recaída no recurso de apelación nº 4246/2006, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Na referida sentenza establecíase que o acordo quedaba anulado porque a finca cedida tiña que segregarse doutra maior á que pertencía, e esta segregación non foi autorizada previamente polo Concello e porque no expediente de aceptación da cesión non se incorporara un informe acreditativo de que o valor da condición imposta non superaba o do ben cedido. Este informe, emitido pola arquitecta municipal e incorporado ó expediente, acredita que o valor do ben cedido supera ó custo do cumprimento da condición imposta, e, no referido á segregación, queda acreditado no expediente que unha parte da finca cedida si que foi previamente segregada con autorización do Concello e que, no referido á outra parte, a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

autorización previa non resultaba necesaria, aplicando a normativa vixente no momento da súa realización. O contido do expediente foi notificado ó recurrente no procedemento xudicial indicado, que presentou un escrito formulando unha serie de alegacións en contra da convalidación. Sen embargo, nos informes do Secretario-Interventor relativos ó asunto e solicitados pola Alcaldía, que tamén obran no expediente, explícase que a adopción do acordo de que se trata se considera axustada á legalidade por parte deste funcionario.

O Sr. Bedoya interven brevemente para dicir que o seu grupo votará a favor desta proposta, para tratar de resolver un asunto que leva xa varios anos pendente. O Sr. Márquez amósase tamén convencido da conveniencia de acordar esta convalidación canto antes, e o Sr. Alcalde di que segundo os referidos informes, trátase de adoptar o acordo máis axustado á legalidade, lembrando a responsabilidade coa que os políticos deben decidir o sentido do seu voto.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda convalidar o acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión do día vintetrés de xullo de dous mil dous, ratificando a aceptación dos terreos ós que se refire ese acordo, que agora constitúen unha vía pública municipal e que figuran incluídos no Inventario Municipal de Bens deste Concello mediante acordo firme adoptado na sesión plenaria celebrada o día vinteoito de novembro de dous mil dous, en aplicación do establecido no artigo 67 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

QUINTO. ACORDOS SOBRE CESIÓN DE TRANSFORMADOR A COMPAÑÍA ELÉCTRICA.

Dase conta do expediente tramitado para a sinatura dun convenio coa compañía eléctrica Electra del Narahío, S.A., para a cesión por parte do Concello dunha liña de media tensión 15/20 KV aero-subterránea e un centro de transformación de 250 KVA construídos polo Concello, situados no lugar de Vidueda, parroquia de San Sadurniño, xunto ó Centro de Día aberto hai uns meses. A instalación resulta necesaria para a correcta prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica a ese centro. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde explica que, como contrapartida desta cesión, a empresa cesionaria acepta o compromiso de asumir os custes de mantemento e reparación das instalacións cedidas, garantindo a continuidade e calidade da subministración, e cede ó Concello o dereito á utilización dos apoios da rede de baixa tensión para a instalación de puntos de luz do alumeadado público municipal. O Sr. Bedoya interven para dicir que xa cando gobernaba o PP



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

esta utilización dos soportes era tolerada por parte da empresa, e o Sr. Alcalde resposta que tamén se realizaban este tipo de cesións, pero sen adoptar acordos expresos en tal sentido.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar a cesión de que se trata, facultando ó Sr. Alcalde para a sinatura do referido convenio coa empresa Electra del Narahío, S.A.

SEXTO. ACORDOS SOBRE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS.

Dase conta polo Sr. Alcalde do expediente tramitado para a modificación da relación de entidades de poboación do Concello, a normativización da toponimia e a asignación de nomes a algunhas vías públicas municipais no lugar de Outeiro, que complementa o acordo adoptado na anterior sesión ordinaria, aprobando unha proposta do grupo de goberno de denominación de camiños públicos e numeración de vivendas. O asunto de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde explica que moitos nomes de lugares corríxense para adaptalos á normativa da lingua galega, ademáis de que desaparecen algúns núcleos que están actualmente deshabitados, e aparecen outros novos que non se recolleran con anterioridade debido a erros ou porque non existían cando se fixo a última corrección da relación de entidades poboacionais. O Sr. Bedoya di que o seu grupo vaise abster na votación porque non se contou con eles na realización deste traballo, a pesar de ser o primeiro grupo político en votos, que pensa que un asunto desta importancia debería terse consensuado entre os distintos grupos políticos e que a proposta aprobarase igual sen os votos do seu grupo. O Sr. Márquez di que a proposta parécelle ben, que se trata dun traballo necesario e que se limita a recoller os nomes xa utilizados polos veciños. O Sr. Alcalde fala de novo para indicar que se trata dun traballo necesario, que debería terse feito hai moito tempo e que os concelleiros do PP poderían ter participado na elaboración da proposta, pero teñen que vir ó Concello, non se lles van enviar as propostas á casa. Di tamén que hai traballos como este que teñen un carácter administrativo e non político, polo que non debería decidirse o voto con criterios políticos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, con catro abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a modificación da relación de entidades de poboación do Concello, normativización da toponimia e asignación de nomes a vías públicas, segundo a proposta obrante no expediente, e ordear a comunicación do contido da mesma ás administracións, entidades e institucións con competencias nesta materia.

SÉTIMO. ROGOS E PREGUNTAS.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya toma a palabra para formular unha pregunta relacionada cunha traballadora da empresa adxudicataria do servizo de limpeza de edificios municipais, que remitiu un escrito ó grupo do PP queixándose pola falla de resposta da Alcaldía ás súas solicitudes de mediación diante da empresa para resolver algúns problemas de carácter laboral. O Sr. Alcalde di que falou en varias ocasións coa traballadora de que se trata, e que como xa lle dixo, ela traballa para unha empresa privada e o Concello non debe entrar nas relacións entre unha empresa privada e os seus traballadores, salvo incumprimentos evidentes da normativa básica en materia laboral. Di tamén que por parte do Concello non houbo queixas sobre o traballo desta persoa. O Sr. Bedoya di que lembra outra subrogación que se fixo sendo alcalde, e o esaxerado montaxe de protesta que organizou o BNG, entón na oposición.

Toma a palabra brevemente o Sr. Soto, para indicar que lle parece extraño que a protesta da traballadora pola insuficiencia do tempo sinalado para o seu traballo debido a unha ampliación da Casa do Concello que se fixo hai tres anos se presente agora, xusto antes das eleccións locais. O Sr. Alcalde, pola súa parte, di que o servizo licitouse cando o BNG accedeu ó goberno, e que antes pagábase mediante un recibí, e o Sr. Bedoya resposta que era unha situación provisional e di que na medida do posible se debe axudar a esta traballadora. O Sr. Alcalde di que xa axudou bastante e que o que ten que facer no caso dalgún incumprimento por parte da empresa é denunciálo. O Sr. Bedoya manifesta a súa queixa pola mala reacción que aprecia no grupo de goberno diante de calquera pregunta do PP. O Sr. Alcalde resposta que a pregunta que se debate lle parece demagóxica e de mal gusto, e que ese mesmo servizo de limpeza podería prestarse mediante un contrato laboral e estaría mellor pagado o traballador; o Sr. Bedoya contesta que iso o di quen privatizou ata a limpeza da praza do Concello e o Sr. Alcalde di que iso foi unha mellora ofertada pola empresa contratada.

O Sr. Díaz formula outra pregunta: se os cambios de denominación de entidades e vías públicas suporán a necesidade de modificar os sinais indicadores colocados hai pouco. O Sr. Alcalde di que pode que algúns deles deban ser cambiados de ubicación, pero que neste momento non se preven cambios no texto deses sinais.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dezanove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,